



CONVOCATORIA DE BOLSAS DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA PARA COLABORACIÓN NOS DEPARTAMENTOS UNIVERSITARIOS

A Universidade da Coruña, convoca 110 bolsas en réxime de concorrencia competitiva, de colaboración en tarefas de iniciación e apoio á investigación e traballos de organización xeral nos Departamentos da Universidade. A presente convocatoria axústase ao disposto na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro; a Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de subvencións; Bases de execución do orzamento da Universidade da Coruña para o exercicio 2009, en canto resulte de aplicación, a Lei xeral orzamentaria e o Regulamento de bolsas da UDC, aprobado en Consello de Goberno do 27 de setembro de 2007.

1.- OBXECTO DAS AXUDAS.

O obxecto é a adxudicación de 110 bolsas de colaboración que permitan a formación teórica e práctica en tarefas de iniciación e apoio á investigación nos Departamentos da Universidade da Coruña.

O importe total destas axudas ascende a 166.100 € con cargo á partida orzamentaria 9870.422D.480.00

2.- REQUISITOS DAS PERSOAS SOLICITANTES.

A Universidade da Coruña convoca 110 bolsas de colaboración, destinadas a aquelas persoas que cumpran os seguintes requisitos:

- Estar matriculado no segundo ciclo das titulacións impartidas nas diversas Facultades e Escolas Técnicas Superiores da Universidade da Coruña, así como os matriculados no derradeiro curso das diplomaturas e dos centros que non teñan estudos completos, única e exclusivamente para Departamentos encargados de impartir docencia na titulación onde se atopen matriculados no presente curso académico 2009-2010, sempre que superasen un mínimo de 45 créditos ou 3 materias en planos vellos (Licenciado en Dereito e Arquitecto Técnico en execución de obras).
- Non exceder de 28 anos de idade durante o período de goce da bolsa.
- Non percibir ningunha axuda económica incompatible. Tampouco poderá realizarse ningunha actividade retribuída que supoña a obtención de ganancias superiores no seu importe ao trinta por cento do Salario Mínimo Interprofesional.
- Rotación. Só se poderá gozar da mesma bolsa de colaboración unha vez.
- Non poderán presentarse a esta convocatoria aquelas persoas que xa foron beneficiarias nalgunha ocasión de calquera bolsa de colaboración da Universidade da Coruña, cando o tempo **en conxunto exceda de doce meses**.
- Existir conexión entre a actividade obxecto da bolsa e o perfil académico do que presenta a solicitude.

3.- FORMALIZACIÓN DAS SOLICITUDES.

As solicitudes presentaranse por duplicado e acompañadas inescusablemente da seguinte documentación:

- Formulario normalizado (Anexo I)
- *Currículum vitae* da persoa solicitante coa documentación que o acredite.

- Certificación académica detallada, na que consten as cualificacións obtidas, as datas de obtención e o número de convocatorias investidas en cada materia (orixinal ou fotocopia compulsada).
- Declaración xurada de non contar con ningunha axuda económica incompatible nin realizar ningunha actividade retribuída. No caso de realizarse unha actividade retribuída, certificación da Axencia Tributaria acreditativa do seu nivel de rendas, para os efectos de comprobar que non se obteñen ganancias superiores no seu importe ao trinta por cento do Salario Mínimo Interprofesional (Anexo II).
- Copia do impreso de pagamento das taxas de matrícula do presente curso 2009/2010.

4.- CONTÍA E PERÍODO.

O importe bruto da axuda será de 1.510 € que se aboarán en pagamentos mensuais de 302 euros, ao que se lle aplicarán, de for o caso, as retencións correspondentes.

Os pagos faranse con cargo á partida orzamentaria 9870.422D.48000 – BOLSAS DE COLABORACIÓN ESTUDANTES – da Vicerreitoría de Estudantes e Relacións Internacionais.

O pagamento efectuarase con referencia á situación do dereito da persoa bolseira ao día último do mes que corresponda.

A bolsa terá a súa vixencia dende xaneiro a maio (5 meses), recibindo o alumno ao remate da mesma unha certificación do Departamento como “*bolseiro de iniciación e apoio á investigación*”.

A aceptación da bolsa farase mediante documento asinado pola persoa interesada en que se compromete a cumprir todas as condicións recollidas nesta convocatoria.

5.- COMISIÓN DE SELECCIÓN E CRITERIOS DE AVALIACIÓN.

O Rexistro da Universidade remitirá as solicitudes ao Servizo de Asesoramento e Promoción do Estudante (SAPE) e este remitirá as solicitudes aos Departamentos. O Consello de Departamento arbitrará o procedemento de selección segundo o establecido no Regulamento de bolsas da UDC; este e máis a resolución expoñeranse no taboleiro de anuncios do Departamento, tendo as persoas solicitantes 5 días hábiles para presentar as posibles reclamacións perante o Consello de Departamento.

Criterios de avaliación:

- 1-. Expediente académico: até 7,2 (72% da puntuación total).
- 2-. Outros méritos: até 2,5 puntos (25% da puntuación total).
 - Coñecementos de idiomas: até 1,25 puntos (12,5% da puntuación total).
 - Coñecementos informáticos: até 1,25 puntos (12,5% da puntuación total).
- 3-. Coñecemento acreditado de galego: até 0,3 (3% da puntuación total).

Só se valorarán os méritos que se acrediten documentalmente referidos á data de finalización de presentación de solicitudes.

Antes do día 30 de novembro de 2009, o Consello de Departamento, a través do SAPE, propondrá aos alumnos que cubrirán as prazas asignadas, e un mínimo de 8 suplentes por orde priorizada, acompañando informes de méritos personalizados, así como as funcións e traballos específicos que realizarán cada un deles.

As bolsas concederanse mediante resolución reitoral, na que se especificarán as persoas ás que se lles concede a bolsa. Contra esta resolución, e de conformidade co que dispón o artigo 116 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999, as persoas interesadas poderán interpoñer un recurso contencioso-administrativo, ante os xulgados do contencioso-administrativo, no prazo de dous meses, de conformidade co que establece o artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa ou, potestativamente, un recurso de reposición ante o reitor no prazo dun mes e que contan ambos a partir do día seguinte ao da publicación desta

resolución na páxina web da Universidade da Coruña, sen prexuízo de poder interpoñer calquera outro recurso que considere procedente.

6.- OBRIGAS DAS PERSOAS BOLSEIRAS.

Estas bolsas son incompatibles con calquera outra bolsa de colaboración, salvo as que se convocan para axudas ao estudo. Todas as bolsas serán incompatibles con calquera actividade retribuída que supoña a obtención de ganancias superiores no seu importe ao trinta por cento do Salario Mínimo Interprofesional. Para tales efectos, poderase solicitar á persoa interesada certificación da Axencia Tributaria acreditativa do seu nivel de rendas.

As persoas bolsseiras comprométense a realizar a súa actividade seguindo as indicacións do titor.

O incumprimento por parte da persoa bolsseira dalgunha das condicións recollidas nas presentes bases suporá a perda da bolsa concedida e mesmo o reintegro das cantidades percibidas.

Todas as baixas que se produciren antes do mes de maio, serán substituídas pola seguinte persoa da relación que elaborará a comisión de selección.

As persoas seleccionadas realizarán as tarefas de colaboración que se lles asigne en proxectos de investigación ou de organización xeral do Departamento. A Dirección do Departamento sinalará, segundo o horario académico do estudante, a dedicación correspondente a oito horas semanais, sen que o tempo de dedicación diario poida exceder de catro horas.

As persoas bolsseiras comprométense a presentar unha memoria, antes do remate das actividades realizadas á persoa responsable da súa titorización.

A presente convocatoria debe ser integrada e interpretada ao abeiro do Regulamento de bolsas da Universidade da Coruña, aprobado na sesión do Consello de Goberno do 27 de setembro de 2007 e modificado na sesión do 31 de outubro de 2007.

7.- PRAZO E LUGAR DE PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES.

As solicitudes presentaranse no Rexistro Xeral da Universidade da Coruña (Rúa Maestranza, 9, 15001 - A Coruña) ou nos Rexistros Auxiliares da Coruña (Casa do Lagar. Campus de Elviña – 15192 - A Coruña) ou de Ferrol (Rúa Vázquez Cabrera, s/n. Campus de Esteiro. 15403 – Ferrol) no prazo comprendido entre o **1 de outubro de 2009 e o 30 de outubro de 2009 antes das 14 horas.**

A Coruña, a 30 de setembro de 2009

O reitor

José María Barja Pérez

BOLSAS DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA PARA ESTUDANTES DE CENTROS PROPIOS

CURSO 2009-2010

BOLSAS DE COLABORACIÓN EN TAREFAS BIBLIOGRÁFICAS

- Número de bolsas e contía das mesmas: 76 Bolsas (1.335 €cada unha).
- Obxecto das axudas: colaboración en tarefas bibliográficas nos Centros propios.
- Beneficiarios: estudantes de primeiro e segundo ciclo.
- Selección de candidatos: Comisións de Biblioteca dos Centros.
- Dedicación e período de aproveitamento: 6 horas semanais, de xaneiro a maio do 2010.
 - Bases e condicións nos Centros, Departamentos, SAPE (Coruña e Ferrol) e páxina web da Vicerreitoría de Estudantes e Relacións Internacionais. Prazo de presentación de solicitudes **antes das 14 horas do 30 de outubro de 2009.**

BOLSAS DE COLABORACIÓN EN DEPARTAMENTOS

- Número de bolsas e contía das mesmas: 110 Bolsas (1.510 €cada unha).
- Obxecto das axudas: colaboración en tarefas de iniciación e apoio á investigación e traballos de organización xeral nos Departamentos dos Centros propios da Universidade.
- Beneficiarios: estudantes de segundo ciclo e alumnos do derradeiro curso de diplomaturas e de Centros sen estudos completos.
- Selección de candidatos: Consellos de Departamento.
- Dedicación e período de aproveitamento: 8 horas semanais, de xaneiro a maio do 2010.
- Bases e condicións nos Centros, Departamentos, SAPE (Coruña e Ferrol) e páxina web da Vicerreitoría de Estudantes e Relacións Internacionais. Prazo de presentación de solicitudes **antes das 14 horas do 30 de outubro de 2009**



UNIVERSIDADE DA CORUÑA

(ANEXO I)



VIC. DE ESTUDANTES E RR.II.

CONVOCATORIA DO CURSO 2009/2010

SOLICITUDE DE:

- BOLSAS "COLABORACIÓN EN DEPARTAMENTOS"
- BOLSAS "COLABORACIÓN EN TAREFAS BIBLIOGRÁFICAS"

NOME: _____

ENDERZO FAMILIAR: _____

POBOACIÓN: _____ **CÓDIGO POSTAL:** _____

TELÉFONO NA CORUÑA OU FAMILIAR: _____

ALUMNO DA ESCOLA/FACULTADE: _____

TITULACIÓN: _____

NO DEPARTAMENTO: _____

_____ **CÓDIGO:** _____

NO CENTRO: _____ **CÓDIGO:** _____

SE PRESENTA MÁIS DUNHA SOLICITUDE, INDIQUE A ORDE DE PREFERENCIA POR CÓDIGOS:

	1º	2º	3º	4º	5º	6º
BIBLIO.	_____	_____	_____	_____	_____	_____
DEPTOS.	_____	_____	_____	_____	_____	_____

Se desexa recibir semanalmente información vía correo electrónico sobre as novidades relativas a bolsas, cursos e premios de interese para estudantes universitarios, escriba o seu enderezo de correo electrónico a continuación:

Correo electrónico: _____

A CORUÑA/FERROL, _____ DE _____ DE 2009

ASDO.: _____

REQUISITOS DAS PERSOAS SOLICITANTES.

- Para poder solicitar as **bolsas de colaboración en Departamentos** é preciso estar matriculado de, cando menos, unha materia de: **a)** o segundo ciclo dunha Licenciatura, Arquitectura ou Enxeñaría Superior, **ou b)** no último curso dunha Diplomatura, Arquitectura Técnica ou Enxeñaría Técnica. Só se poderán solicitar **Departamentos que impartan docencia** na titulación onde estiver matriculada a persoa solicitante.
- Os alumnos **só poderán solicitar** as bolsas de colaboración en **tarefas bibliográficas no Centro onde estean a cursar os seus estudos**. Excepcionalmente os alumnos da Diplomatura en Biblioteconomía e Documentación e da Lic. en Documentación poderán optar a calquera Biblioteca Universitaria.
- Para poder solicitar **CALQUERA BOLSA DE COLABORACIÓN** é requisito imprescindible ter **superado un mínimo de 45 créditos (ou tres materias en planos vellos)**.

ACLARACIÓNS PARA CUBRIR O IMPRESO DE SOLICITUDE.

- Como mínimo, **con cada impreso de solicitude** o/a alumno/a deberá presentar copia de ter aboadas as taxas de matrícula e un certificado coas súas cualificacións universitarias. O mencionado certificado poderá obterse nos puntos informáticos dispostos para tal efecto..
- **Por cada bolsa que se solicite presentárase un impreso (coa súa correspondente documentación). Non se poderán presentar máis de seis solicitudes en total.**

ACLARACIÓNS SOBRE OS CÓDIGOS.

- Para indicar a orde de preferencia, introduza os códigos na fila correspondente. A **orde de preferencia** debe de sinalarse **en todos os impresos de solicitude**, e loxicamente **debe ser a mesma**.
- Os **códigos** dos Departamentos pódense consultar en www.udc.es/sape/bolsascolaboración e nos taboleiros do SAPE do Campus da Zapateira e do Campus de Ferrol. Os códigos para solicitar as Bolsas de Colaboración en Tarefas Bibliográficas son os dos centros en que se realizaría a colaboración, e tamén se poden consultar nos mesmos lugares.
- **Exemplo:** No caso dun alumno que desexe solicitar como primeira opción o Dpto. de Dereito Público (código 106), como segunda opción a biblioteca da Facultade de Dereito (código 612), e como terceira e derradeira opción o Dpto. de Dereito Público Especial (código 131) **debería de presentar a seguinte orde de preferencia en todos os seus impresos de solicitude:**

	1°	2°	3°	4°	5°	6°
BIBLIO.	_____	<u>612</u>	_____	_____	_____	_____
DEPTOS.	<u>106</u>	_____	<u>131</u>	_____	_____	_____

ANEXO II

_____, co DNI número _____, declaro baixo xuramento que non percibo ningunha axuda económica incompatible nin realizo ningunha actividade retribuída que supoña a obtención de ganancias superiores no seu importe ao trinta por cento do Salario Mínimo Interprofesional.

A Coruña/Ferrol, _____ de _____ de 2009.

Asdo.:

COMPOSICIÓN DAS COMISIÓNS

- DEPARTAMENTO DE ANÁLISE ECONÓMICA E ADMINISTRACIÓN DE EMPRESAS –

D^a. Elena Sánchez de Paz

D. José López Rodríguez

D. Domingo Calvo Dopico

- DEPARTAMENTO DE BIOLOXÍA ANIMAL, BIOLOXÍA VEXETAL E ECOLOXÍA –

D^a. Naiara Albaina Balerdi

D. José Díaz Valera

D^a. Ángela Noguerol Seoane

D. José Miguel Ruiz de la Rosa

D^a. M^a José Servia García

- DEPARTAMENTO DE BILOLOXÍA CELULAR E MOLECULAR –

D^a. Ángeles Cid Blanco

D. Jorge José Gutiérrez Novoa

D^a. María Jesús Manso Revilla

D^a. Josefina Méndez Felpeto

D^a. Ana M^a Rodríguez Torres

- DEPARTAMENTO DE CIENCIAS DA NAVEGACIÓN E DA TERRA –

D. Santiago Iglesias Baniela (Director do Departamento)

D^a. Luisa Santos Fidalgo (Secretaria do Departamento)

- DEPARTAMENTO DE CIENCIAS DA SAÚDE –

D. Francisco Alonso Tajés (Director do Departamento)

D^a. Matilde García Sánchez (Secretaria do Departamento)

D^a. Natalia Sobrido Prieto (Profesora do Departamento)

D^a. Julia Janeiro Arocas (Profesora do Departamento)

D^a. M^a Elena Fraga Martínez (PAS)

-

- DEPARTAMENTO DE COMPOSICIÓN -

D. José Ramón Saraluce Blond (Director do Departamento) (Presidente)

D. Fernando Agrasar Quiroga (Secretario do Departamento) (Secretario)

D^a. Belén García Lamas (Representante de alumnos) (Vogal)

D. Gumersindo Freire López (Representante de alumnos) (Vogal suplente)

- DEPARTAMENTO DE COMPUTACIÓN -

D^a. Amparo Alonso Betanzos (Directora do Departamento)

D^a. Concepción Vidal Martín (Secretaria do Departamento)

D. Henrique Ferreiro García (alumno)

- DEPARTAMENTO DE CONSTRUCCIÓN ARQUITECTÓNICAS -

D^a. María Jesús Dios Viéitez (Directora do Departamento)

D. Rubén Fernández Prado (Secretario do Departamento)

D. Manuel Álvarez Losada (Profesor EUAT)

D. Antonio Raya de Blas (Profesor ETSAC)

- DEPARTAMENTO DE CONSTRUCCIÓN NAVAIS -

D. Santiago Martín Criado

D^a. Ana Álvarez García

D. Juan de Dios Rodríguez García

- DEPARTAMENTO DE DEREITO PRIVADO -

D. Miguel Ángel Pérez Álvarez (Presidente)

D. Marcos A. López Suárez (Secretario)

D. Javier López Prol (Vogal)

- DEPARTAMENTO DE DEREITO PÚBLICO -

D. Xulio Ferreiro Baamonde

D^a. Sonia García Vázquez

D. José Antonio Ramos Vázquez

-

-

- DEPARTAMENTO DE DEREITO PÚBLICO ESPECIAL -

D. Jaime Rodríguez-Arana Muñoz (Director do Departamento) (Presidente)

D. Óscar Vergara Lacalle (Área de Filosofía do Dereito) (Secretario)

D^a. Marta García Pérez (Área de Dereito Administrativo) (Vogal)

D^a. M^a del Carmen Garcimartín Montero (Área de Dereito Eclesiástico) (Vogal)

D. Alberto Arufe Varela (Área de Dereito do Traballo e SS.) (Vogal)

- DEPARTAMENTO DE DIDÁCTICAS ESPECÍFICAS -

D. Alfredo Rodríguez López Vázquez

D. Alfonso Sandomingo Guntín

D^a. Pilar Rodríguez Blanco

- DEPARTAMENTO DE ECONOMÍA APLICADA I -

D. Julio Gaspar Sequeiros Tizón (Director do Departamento)

D^a. M^a Cruz Suárez Mallo (Secretaria do Departamento)

D. Pablo Castellanos García (Profesor do Departamento)

- DEPARTAMENTO DE ECONOMÍA APLICADA II -

D. José Ramón Cancelo de la Torre (Director do Departamento) (Presidente)

D^a. María Ramil Díaz (Secretaria do Departamento) (Secretaria)

D^a. Carmen Socorro Lema Fernández (Profesora) (Vogal 1^a)

D^a. M^a José Lodeiro Hermida (Profesora) (Vogal 2^a)

D^a. Beatriz García-Carro Peña (Profesora) (Vogal 3^a)

- DEPARTAMENTO DE ECONOMÍA FINANCEIRA E CONTABILIDADE -

D. Fernando Ruiz Lamas (Director do Departamento)

D. Pedro A. López Suárez (Secretario do Departamento)

D. Fernando Aguiar Maragoto (Profesor)

D^a. Emilia García Arthús (Profesora)

D^a. M^a Dolores Salvador Montiel (Profesora)

D^a Isabel Nóvoa Arechaga (Profesora)

D. Felipe González Santos (Alumno)

-

- DEPARTAMENTO DE EDUCACIÓN FÍSICA E DEPORTIVA –

D. Luís Morenilla Burlo (Secretario do Departamento)

D^a. Marta Bobo Arce (Profesora)

D. Julián Mayo Mauriz (Representante de alumnos)

- DEPARTAMENTO DE ELECTRÓNICA E SISTEMAS –

D. Juan Touriño Domínguez (Director do Departamento)

D. Miguel González López (Secretario do Departamento)

D. Carlos Teijeiro Barjas (Alumno)

- DEPARTAMENTO DE ENERXÍA E PROPULSIÓN MARIÑA –

D. José Antonio Orosa García (Presidente)

D. Felipe Antelo González (Secretario)

D. José Carabia Carril (Vogal)

D. Álvaro Baaliña Insua (Suplente I)

D. Ángel Rodríguez Fernández (Suplente II)

- DEPARTAMENTO DE ENXEÑARÍA INDUSTRIAL –

D. Manuel Luaces Rodríguez (Presidente)

D. Fernando Julio Casanova Rivas (Secretario)

D. Diego Vilar Galego (Vogal)

- DEPARTAMENTO DE ENXEÑARÍA INDUSTRIAL II –

D. José Luís Mier Buenhombre

D^a. María José Tobar Vidal

D. Daniel Abeledo Franco

- DEPARTAMENTO DE ENXEÑARÍA NAVAL E OCEÁNICA –

D. Fernando López Peña

D. Fernando Junco Ocampo

D. Vicente Díaz Casás

-

-

- DEPARTAMENTO DE FILOLOXÍA ESPAÑOLA E LATINA -

D^a.Sagrario López Poza (Directora do Departamento)

D^a. Nieves Pena Sueiro (Secretaria)

D^a Sandra Peñasco González (Alumna)

- DEPARTAMENTO DE FILOLOXÍA INGLESA -

D^a. M^a Jesús Lorenzo Modia

D^a. María Frías Rudolphi

D^a. Isabel S. Moskowich-Spiegel Fandiño

- DEPARTAMENTO DE FILOSOFÍA E MÉTODOS DE INVESTIGACIÓN EN EDUCACIÓN

D. Xabier de Salvador González (Director do Departamento) (Presidente)

D^a. M^a Alicia Arias Rodríguez (Secretaria do Departamento) (Secretaria)

D^a. Paula Mendiri Ruíz de Alda (Profesora) (Vogal)

D^a. Nuria Rebollo Quintela (Alumna) (Vogal)

- DEPARTAMENTO DE FÍSICA -

D^a. M^a Carmen Ramírez Gómez (Directora do Departamento)

D^a. Luísa M^a Segade Zas (Secretaria do Departamento)

D^a. Esther Rilo Siso (Profesora)

D. Santiago García Pardo (Alumno)

- DEPARTAMENTO DE FISIOTERAPIA -

D^a. Isabel Yáñez Brage (Profesora)

D^a. Lidia Carballo Costa (Profesora)

D^a. Sandra Martínez Bustelo (Profesora)

D. Javier Martínez Fernández (Alumno)

- DEPARTAMENTO DE GALEGO-PORTUGUÉS, FRANCÉS E LINGÜÍSTICA -

D. Xosé Manuel Sánchez Rei

D^a. Margarita Alonso Ramos

D^a. Mercedes Regueiro Diehl

-

- DEPARTAMENTO DE HUMANIDADES –

D. Manuel-Reyes García Hurtado

D^a. Paz Romero Portilla

D. Juan Luís Montero Fenollós

- DEPARTAMENTO DE MATEMÁTICAS –

D. Íñigo Arregui Álvarez (Director do Departamento)

D. Manuel A. Presedo Quindimil (Secretario do Departamento)

D. José Jesús Cendán Verdes (Profesor)

D^a. M^a del Carmen Calvo Garrido (Alumna)

- DEPARTAMENTO DE MEDICINA –

D^a. Rosa Meijide Faílde

D. Carlos María Agrasar Cruz

D. Francisco Javier de Toro Santos

D. José Luís Rodríguez-Villamil Fernández

- DEPARTAMENTO DE MÉTODOS MATEMÁTICOS E DE REPRESENTACIÓN –

D. Ignasi Colominas Ezponda (Director do Departamento)

D. Xavier Domínguez Pérez (Secretario do Departamento)

D^a. Soledad Gracia Gavín (Secretaria administrativa)

- DEPARTAMENTO DE PEDAGOXÍA E DIDÁCTICA –

D^a. Mercedes González Sanmamed

D^a. Araceli Serantes Pazos

D^a. Susana García Barros

D. Enrique de la Torre Fernández

- DEPARTAMENTO DE PROXECTOS ARQUITECTÓNICOS E URBANISMO –

D. José J. González-Cebrián Tello (Presidente)

D. Felipe Peña Pereda (Vogal)

D. Juan Iganacio Prieto López (Vogal)

D. Daniel Rodríguez Ayuso (Vogal) (Representante de alumnos)

D. Roi García Camba (Representante de alumnos suplente)

- DEPARTAMENTO DE PSICOLOXÍA -

D. Ricardo García Mira (Profesor)

D. José Romay Martínez (Profesor)

D. Rubén Neira Caridad (Alumno)

- DEPARTAMENTO DE PSICOLOXÍA EVOLUTIVA E DA EDUCACIÓN -

D. Antonio Valle Arias

D. Bernardo Gómez Durán

D^a. Susana Rodríguez Martínez

- DEPARTAMENTO DE QUÍMICA ANALÍTICA -

D^a. Soledad Muniategui Lorenzo (Presidenta)

D^a Alatzne Carlosena Zubieta (Secretaria)

D^a. Susana Carballo Paradelo (Vogal) (Alumna)

- DEPARTAMENTO DE QUÍMICA FÍSICA E ENXEÑARÍA QUÍMICA I -

D. Manuel E. Sastre de Vicente

D. Alberto de Vega Martín

D^a. M^a Carmen Veiga Barbazán

D. Roberto Herrero Rodríguez

D^a. Leticia Carro de Diego

- DEPARTAMENTO DE QUÍMICA FUNDAMENTAL -

D. Carlos Jiménez González

D^a. M^a Teresa Rodríguez Blas

D. Andrés de Blas Varela

D. Luís Sarandeses da Costa

D. Ricardo Riveiros Santiago

- DEPARTAMENTO DE REPRESENTACIÓN E TEORÍA ARQUITECTÓNICAS -

D. Santiago Tarrío Carrodegua (Presidente)

D^a. Antonia Pérez Naya (Secretaria)

D^a. Paula Fernández-Gago Longueira (Vogal)

D. Juan Manuel Franco Taboada (Vogal)

- DEPARTAMENTO DE SOCIOLOXÍA E CIENCIA POLÍTICA E DA ADMINISTRACIÓN –

D. José Luís Veira Veira (Decano da Facultade de Socioloxía)

D. Gerardo Hernández Rodríguez (Director do Departamento)

D^a. Amparo Almarcha Barbado (Profesora)

D. Diego C. López de Lera

- DEPARTAMENTO DE TECNOLOXÍA DA CONSTRUCIÓN –

D. Fernando Martínez Abella (Director do Departamento)

D^a. Isabel Martínez Lage (Secretaria do Departamento)

- DEPARTAMENTO DE TECNOLOXÍA E CIENCIA DA REPRESENTACIÓN GRÁFICA –

D. Rafael Pérez Roel (Director do Departamento)

D. Ramiro Casabella López (Secretario do Departamento)

D. Manuel González Sarceda (Profesor)

Tres alumnos do Consello do Departamento

- DEPARTAMENTO DE TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN E AS COMUNICACIÓNS –

D. Bernardino Arcay Varela

D. Alejandro Pazos Sierra

D. Fidel Cacheda Seijo

D^a. Ana Belén Porto Pazos

D. Carlos Alberto Pan Bermúdez

D^a Ana María Freire Veiga